

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

En Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, [REDACTED] na súa condición de titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 229/2012, do 2 de decembro, actuando en representación da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra banda [REDACTED] Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), nomeada polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.;

e doutra, [REDACTED] directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 578/2005, do 29 de decembro, no que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo.- Que a Amtega é, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, concretamente, a quen lle corresponde a xestión dos programas de capacitación dixital do empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación.

Terceiro.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Cuarto.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica, están a deseñar e desenvolver o Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza de Galicia (Plan Senda2020), cuxa estratexia se basea na innovación tecnolóxica en infraestruturas e en sistemas de información como catalizadores do cambio para avanzar no desenvolvemento de servizos de administración electrónica e a mellora e modernización dos servizos que a Administración de Xustiza en Galicia ofrece ao cidadán. Un dos principais piares do Plan Senda 2020 é a capacitación continua dos empregados públicos deste ámbito no uso axeitado de ferramentas e sistemas de información, particularmente daqueles vinculados directamente ao seu posto de traballo. Neste marco tamén se desenvolven as actuacións necesarias cara á implantación da nova oficina xudicial e fiscal.

Quinto.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica, puxeron en marcha unha actuación orientada a prestación continuada de servizos de formación, nun contexto virtual, e orientado a todos os usuarios da administración de Xustiza en Galicia. Denomínase Comunidade Virtual de Aprendizaxe, e defínese en torno aos seguintes principios:

- Establecemento dinámico de contidos e temáticas, en función das necesidades de implantación dos sistemas e ferramentas TIC e novos contornos organizativos.
- Combinación de diferentes modalidades de prestación do servizo.
- Aproveitamento das ferramentas TIC para o desenvolvemento da actividade.

A programación de actividades na Comunidade Virtual de Aprendizaxe establececese de forma conxunta entre ambas unidades, en función das necesidades xurdidas para a mellor implantación e utilización dos sistemas TIC.

Sexto.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio de colaboración, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a EGAP é a colaboración no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia, nas actuacións vinculadas ao Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (Plan Senda2020) e á implantación dos novos modelos organizativos da oficina xudicial e fiscal.

Segunda.- Actuacións

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a EGAP, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias. As modalidades de colaboración, irán orientadas a acadar unha mellor calidade e eficiencia no funcionamento da denominada Comunidade Virtual de Aprendizaxe no contexto da Administración de Xustiza en Galicia, e poderán consistir en:

- a) Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- b) Elaboración conxunta ou compartición de contidos e materiais formativos que poidan ser utilizados.
- c) Aproveitamento de medios tecnolóxicos que poidan estar dispoñibles por calquera dos asinantes do convenio.
- d) A achega de medios humanos ou materiais.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

Terceira.- Acreditación das actividades formativas

As actividades realizadas nas Comunidades Virtuais de Aprendizaxe, non están suxeitas a unha formalización de programación, senón que se establecen de forma dinámica e continua segundo as necesidades da Administración de Xustiza.

Sen embargo, establécese a posibilidade de que algunhas das actividades desenvolvidas poidan ser acreditables pola EGAP.

De xeito conxunto, os asinantes do convenio establecerán as actividades que poidan ser obxecto de acreditación.

Cuarta.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora das accións formativas acreditadas

Para aquelas actuacións enmarcadas na actividades da Comunidade Virtual de Aprendizaxe que poidan ser obxecto de acreditación por parte da EGAP, establécense os seguintes requisitos.

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establece o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG do 3 de decembro) as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa, unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

- A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.
- C. Programa e número de horas lectivas.
- D. Lugar, data e horario de realización.
- E. Sistema de avaliación do alumnado.
- F. Criterios de selección que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.
- G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser persoal da Administración de Xustiza en Galicia.
- H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.
- I. Remitir, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria-resumo que faga referencia aos seguintes aspectos :
 - a. Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.

b. Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase a EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.

c. Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos participantes.

2. Indicación do prazo de matrícula antes do comezo da acción formativa. Os alumnos deberán matricularse na área de matrícula da EGAP <http://egap.xunta.es/matricula>.

3. Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.

4. Publicar no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da EGAP e na intranet de Xustiza a convocatoria da actividade formativa.

Quinta.- Coexistencia con outros plans de formación

As actuacións ás que se refire este convenio en ningún caso, substitúen ao Plan anual de Formación Continua do persoal da Administración de Xustiza en Galicia.

Sexta.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Forman parte desta comisión os seguintes representantes:

- Por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dous representantes, ou persoas en quen deleguen.
- Por parte da EGAP a persoa responsable da Secretaría Xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen.
- Por parte da Amtega, dous representantes, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

Sétima.- Orzamento

Para o cumprimento da obriga anterior a Escola Galega de Administración Pública dispón dun crédito de oito mil cento sesenta euros (8.160,00 €) na aplicación orzamentaria 05.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, cuxa desagregación é a seguinte:

- Colaboración de formadores da Comunidade Virtual de Aprendizaxe: 8.160€

Oitava.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou a EGAP.

Novena.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a EGAP e a Amtega.

As partes necesitan a autorización expresa das outras para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

Décima.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará ás outras para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

Undécima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico.


Duodécima.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2017, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza,

Pola Escola Galega de
Administración Pública,


Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia,

Este convenio foi asinado polas partes o día 16 de febreiro do ano 2017